

EPAPU “EDUARDO PONDAL”

Guía didáctica

Historia do mundo contemporáneo

1º BACHARELATO

INTRODUCCIÓN

A Historia do mundo contemporáneo ten como obxectivo a comprensión do presente para situarse conscientemente na realidade do mundo actual, pero como unha fase dun proceso inacabado, que se configura a partir de elementos do pasado. O coñecemento histórico pretende aprehender a realidade presente a través dos mecanismos que lle son propios: a indagación sobre as orixes, a evolución dos fenómenos sociais e as relación que se establecen entre eles; o estudo das sociedades nas súas dimensións económica, social, política, cultural, e tecnolóxica; a explicación dos cambios e as continuidades que se producen ao longo do tempo. Unha historia que sexa capaz de dar conta dos éxitos e dos fracasos, dos avances e dos abusos, dos triunfadores e das vítimas e que teña como protagonista a toda a humanidade.

O estudo iníciase na crise do Antigo Réxime e os grandes cambios do século XIX, que determinan, en gran medida, os trazos do século XX ata a configuración da actualidade. O estudo da realidade máis inmediata permite recorrer a fontes como os medios de comunicación, as novas tecnoloxías ou a historia oral, máis novas pero non por iso menos rigorosas. É imprescindible que o alumnado comprenda o mundo no que vive e os problemas nos que están inmersos, que aprendan a situar o presente en perspectiva histórica, a transferir coñecementos do pasado para interpretar problemas actuais; daquela estarán en condicións de tomar decisións racionais e conscientes como cidadáns do mundo. A materia ha de servir tamén para adquirir sensibilidade ante os retos do presente, desenvolver unha actitude crítica cara ás inxustizas e os abusos e adoptar un compromiso activo na defensa das liberdades, os dereitos humanos e a construción da paz.

A organización dos contidos segue unha orde cronolóxica e preséntase cun criterio no que se trata de abordar os aspectos políticos, económicos, sociais e culturais. Préstase unha maior atención aos procesos históricos que se desenvolven no mundo occidental, pero non desde perspectivas sociocéntricas; daquela, búscanse oportunidades e momentos para facer visibles fenómenos que se desenvolven en contextos extraeuropeos para poñer de manifesto a diversidade das manifestacións históricas e, ao mesmo tempo, cuestionar prexuízos cara ás culturas diferentes da propia. A interdependencia e o enfoque dos problemas do mundo desde unha perspectiva global esixen, hoxe máis ca nunca, o estudo de fenómenos que acontecen en lugares diversos.

Esta materia quere profundar nas destrezas que son propias da aprendizaxe histórica, que ademais de contribuír ao propio coñecemento histórico, ensinan que o coñecemento científico é antidogmático e provisional.

METODOLOXÍA

Como o obxectivo fundamental do estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é comprender mellor o mundo actual, resulta esencial manexar os procesos e mecanismos básicos que forman parte das competencias e destrezas propias da aprendizaxe histórica, como a localización dos acontecementos no espazo e no tempo, o recoñecemento de diversas fontes de información, interpretación crítica dos datos, interaccións nas explicacións causais, a análise e a síntese, ou a emisión de xuízos fundados.

Non consiste en estudar os chamados “grandes feitos”, senón o resultado dos esforzos das xeracións anteriores á nosa, cos seus acertos e os seus erros, e forman parte dela os grandes homes e mulleres pero merecen especial atención os traballos daqueles que pasaron desapercibidos.

O comentario de textos é a práctica máis útil para poñer de manifesto o grao de madurez persoal polo que centraremos nel e na súa resolución a aptitude para superar a materia, como método de aprendizaxe para orientar o alumnado cara ao curso seguinte, onde as probas de selectividade definen as competencias básicas a traballar na aula.

Orientacións sobre o comentario de documentos históricos

O primeiro paso cando se trate dun texto debe consistir na atenta lectura do documento. Unha lectura realizada con suficiente profundidade, que debe permitir non só percibir o asunto xeral que se trata, senón tamén ordenar e xerarquizar as ideas que contén. Neste traballo inicial de ordenación é preciso reflexionar a partir dos coñecementos sobre a materia, de forma que poida ir máis aló da simple repetición ou resumo de contidos. Debemos distinguir o esencial do secundario, e no seu caso, identificar persoas, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de posterior comentario. Pode resultar útil subliñar palabras, anotar ideas que faciliten o traballo posterior. É o que chamamos iluminar o texto.

Contextualización histórica do documento

Unha contextualización non debe limitarse ao ámbito cronolóxico (deberemos evitar unha simple repetición dos datos identificadores que figuren no documento: autor, data, título...), senón que deberá ter en conta outras dimensións (política, social, económica, segundo os casos) na medida en que sirvan para integrar o documento nun determinado momento ou proceso histórico.

Este aspecto non pode faltar nunha boa análise, porque é o que permite medir a importancia ou transcendencia dun texto dentro do proceso no que se sitúa: os seus antecedentes ou causas, a súa influencia ou consecuencias na evolución do proceso, os intereses ou tendencias que defende, ou os obxectivos que pretende. Será unha breve introdución que presente o documento en relación coas circunstancias históricas nas que se produciu.

O seguinte paso será a análise dos contidos do documento, seleccionando as ideas máis importantes, clarexando o seu significado e establecendo una xerarquía nos seus contidos: destacando o principal e matizando aspectos secundarios importantes. Poden incluírse na análise tamén as aclaracións que se consideren convenientes sobre persoas, acontecementos, institucións, etc. que se mencionen no documento, pero incluíndo estas aclaracións na propia redacción e non como unha listaxe aparte. Basicamente consiste nun exercicio de redacción no que os coñecementos da materia se poñan ao servizo do documento a comentar.

Non debe faltar nunca relacionar o documento co seu contexto histórico ou a súa transcendencia nun proceso no que estea inserto. En calquera caso, débese realizar o comentario en relación directa cos contidos vistos no documento e postos de relevo na análise; non á marxe del. Mesmo poden utilizarse frases textuais extraídas do texto para apoiar a redacción do comentario.

É recomendable rematar cunha conclusión persoal ou valoración global dos feitos, pero debe realizarse dende a perspectiva do coñecemento histórico -valorar a importancia que tivo nun proceso- e non dende as opinións persoais. Habitualmente é pouco relevante a consideración moral dun acontecemento pasado, é dicir, se a un lle parece ben ou mal, se o considera bo ou malo.

Un comentario escrito esixe, ademais, respectar as pautas da expresión escrita: a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e na exposición de ideas, a corrección xeral da presentación formal son aspectos a ter en conta, que se valorarán nas cualificacións.

Problemas a evitar

A.- Como non se trata de realizar ningún tipo de crítica documental, as observacións sobre a tipoloxía do documento son superfluas, e en moitas ocasións, confusas. Non se debe clasificar.

B.- Un defecto frecuente, que manifesta o escaso dominio da técnica do comentario e ademais a falta de madurez, é a paráfrase; consiste nunha repetición, case textual, dos contidos do texto, sen análise nin comentario.

C.- O defecto contrario á paráfrase é o escapismo; consiste en utilizar o documento como pretexto ou excusa para desenvolver un tema máis ou menos relacionado con el.

D.- O comentario non ten por que ser moi extenso. Saber centrarse nos aspectos principais, sintetizar o que se quere dicir, son tamén virtudes dun bo comentario que demostran claridade de ideas.

Comentario de mapas, táboas estatísticas e gráficas

1. Mapas históricos

Son unha representación gráfica da dimensión espacial dun determinado acontecemento ou proceso. O seu comentario debe primeiro delimitar as circunstancias históricas que se reflicten nel. E o segundo paso consiste na súa lectura ou interpretación.

O comentario constitúe a parte central do traballo con este tipo de documentos, e aínda que é aberto como recomendación xenérica parece conveniente que se establezan rela-

cións con acontecementos anteriores e posteriores: semellanzas e diferenzas con outros momentos do proceso; causas e consecuencias, etc.

2. Táboas estatísticas

As táboas son documentos que deben someterse a interpretación para poder extraer delas algunha información histórica relevante. O seu comentario debe realizarse sempre vinculando os datos obxecto da análise, interpretados tendo en conta a súa evolución cronolóxica: que cambios ou continuidades se observan, en que medida significan progreso ou retroceso, crise ou avance, etc.) en relación coas circunstancias históricas das que se trate.

3. Gráficas

As gráficas son case sempre representacións de datos estatísticos. Por tanto, a súa análise e comentario será similar ao proceso que debe seguirse coas táboas. Polo que se deben comentar conclusións despois da interpretación.

LIBRO DE TEXTO

Historia do mundo contemporáneo. 1º bacharelato. Ed. Vicens Vives.

ÍNDICE

- UNIDADE 1. A EUROPA DO ANTIGO RÉXIME
- UNIDADE 2. A NOVA ERA INDUSTRIAL
- UNIDADE 3. OS MOVEMENTOS LIBERAIS E NACIONAIS (1789-1871)
- UNIDADE 4. AS ORIXES DO MOVEMENTO OBREIRO (1800-1914)
- UNIDADE 5. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO (1870-1914)
- UNIDADE 6. AS GRANDES POTENCIAS (1870-1914)
- UNIDADE 7. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (1914-1918)
- UNIDADE 8. A REVOLUCIÓN RUSA E A ORIXE DO ESTADO SOVIÉTICO (1917-1927)
- UNIDADE 9. PROSPERIDADE, CRISE E DEPRESIÓN (1918-1939)
- UNIDADE 10. OS RÉXIMES TOTALITARIOS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS (1918-1939)
- UNIDADE 11. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)
- UNIDADE 12. UN MUNDO BIPOLAR (1945-1991)
- UNIDADE 13. A FIN DOS IMPERIOS COLONIAIS
- UNIDADE 14. O BLOQUE COMUNISTA (1947-1991)
- UNIDADE 15. O BLOQUE CAPITALISTA (1945-1991)
- UNIDADE 16. O MUNDO ACTUAL

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaluación: unidades 1-2-3-4-5-6
2ª avaluación: Unidades 7-8-9-10-11
3ª avaluación: Unidades 12-13-14-15-16

LECTURAS RECOMENDADAS SOBRE ASPECTOS CONCRETOS DA MATERIA

- ALONSO GARCIA, T. La economía de entreguerras. La Gran Depresión, ed. AKAL, Madrid 1990.
- ANDERSON BONNIE Y ZINSSER, JUDITH. Historia de las mujeres: una historia propia. Crítica, 2 vol. 1991.
- BAHAMONDE MAGRO, A. El crack de 1929. Cuadernos Historia 16, nº 81. Madrid 1985.
- BEEVOR, ANTONY. Berlín, La caída 1945. Crítica, 2002.
- CAIRNS, Trevor. 1992. El siglo XX. Akal-Cambridge (Historia del Mundo para jóvenes, nº 10). Madrid.
- CARR, E.H. La revolución rusa. De Lenin a Stalin, ed. Ariel, Barcelona, 1981.
- CASTELLÓ, J. EMILIO. La Primera Guerra Mundial. Anaya, 1993.
- CERVERA JOVER, C. Los Fascismos Ed. Akal. Madrid, 1993.
- CIPOLLA C. Historia económica de Europa. El siglo XX, Tomo 6. Ed. Ariel, Barcelona 1980.
- COLECTIVO MARÍA CASTAÑA. As mulleres na Historia. Xerais, 1997.
- DIEZ DEL CORRAL, FRANCISCO. La Revolución Rusa. Anaya, 1991.
- FERNÁNDEZ, ANTONIO. Historia del mundo contemporáneo. Vicens-Vives, 1989.
- FERRO, M. La revolución de 1917. Ed. Laia, Barcelona, 1975.
- FRIAS NUÑEZ, M. Las democracias parlamentarias en el período de entreguerras. Historia del Mundo Contemporáneo Ed. Akal, Madrid, 1990.
- FUENTE PEREZ, P. Las instituciones supranacionales. Ed. Akal, Madrid, 1989.
- FONTANA, JOSEP. Introducción al estudio de la historia. Crítica, 1999.
- FUSELL, PAUL. Tiempo de guerra. Conciencia y engaño en la Segunda Guerra Mundial. Ed. Turner / Armas y letras, 2003.
- GALBRAITH, J.K. El crack del 29. Ed. Ariel, Madrid, 1976.
- GALEANO, EDUARDO. Patas arriba. La escuela del mundo al revés. Ed. Siglo XXI, 1998.
- GUTMAN, ROY; RIEFF, DAVID (dir.). Crímenes de guerra. Lo que debemos saber. Debate, 2003.
- HILL, C. La revolución rusa. Ed. Ariel, Barcelona, 1971.
- JACKSON, G. Orígenes de la Guerra Fría. Ed. Historia 16. Madrid, 1993.
- JULIÁ, J.R. (dir.) Atlas de Historia Universal (tomo II). Barcelona, Planeta, 2000.
- KINDLEBERGER, CH.P. Hª económica de Europa (1929-39). La crisis económica. Ed. Crítica, Barcelona, 1985.
- LÓPEZ FACAL, R. Materiais para o estudo do Mundo Contemporáneo. Santiago de Compostela, Tórculo, 2000.
- MARTÍNEZ CARRERAS, J. U. El mundo árabe e Israel. Istmo, Madrid, 1991.
- MARTÍNEZ CARRERAS, José U. e SOLAR, David. Así nació Israel. Cuadernos de Historia 16, nº 47. Madrid, 1985.
- PAEZ CAMINO, F. Democracias y dictaduras en los años treinta. Ed Síntesis Madrid, 1992.
- PAYNE, S. El fascismo. Ed. Alianza, Madrid, 1982.
- PEREIRA, J.C. La ONU. Ed. Historia 16. Madrid, 1993.
- PIQUERAS, J. ANTONIO. El movimiento obrero. Anaya, 1992.
- REGAN, Geoffrey, Israel y los árabes. Akal-Cambridge (Historia del Mundo para jóvenes, nº 41). Madrid, 1992.

- RODRIGUEZ FIERRO, A. La revolución rusa y el desarrollo de la URSS (1917-39). Ed. AKAL, Historia del Mundo Contemporáneo, Madrid 1991.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Agustín R. Las relaciones internacionales tras la Segunda Guerra Mundial. Akal. Madrid, 1989.
- SÁNCHEZ PÉREZ, Francisco,. Evolución política del mundo desarrollado después de la Segunda Guerra Mundial. Akal. Madrid, 1991.
- SOHR, RAÚL. Claves para entender las guerras. Raúl Sohr, Mondadori, 2003.
- SOLAR, David, Las Guerras de Palestina. Cuadernos del Mundo Actual nº 36. Historia-16. Madrid, 1994.
- TAIBO, C. La Unión Soviética (1917-1991) Ed.. Síntesis Madrid 1993.
- TARDI, JACQUES. La guerra de las trincheras. Norma Editorial, 1994.
- VV AA. Historia universal del siglo XX. Historia 16, Temas de Hoy, 1997.
- VV AA. La vida familiar desde la Revolución Francesa hasta la Primera Guerra Mundial (1789-1913). Paidós, 2003.
- YLLÁN, ESPERANZA. La Revolución Francesa. Anaya, 1989.

RECURSOS WEB SOBRE MAPAS HISTÓRICOS

- http://go.hrw.com/atlas/span_htm/index.htm
- <http://hispanianova.rediris.es/enlaces/hn0706c.htm>
- <http://www.ceagi.org/portal/?q=node/61>
- <http://www.historiasiglo20.org/enlaces/mapas.htm>
- <http://www.pais-global.com.ar/mapas/mapa00.htm>
- <http://www.ub.es/medame/euromap.html>
- <http://www.ucm.es/info/antigua/cartografia.htm>

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1 A EUROPA DO ANTIGO RÉXIME CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identifica os trazos políticos máis significativos do Antigo Réxime.
- Describe as estruturas sociais e económicas do Antigo Réxime.
- Sinala as principais características do pensamento ilustrado.
- Identifica as causas do proceso de independencia en América do Norte.
- Desenvolve os principios básicos da Constitución americana de 1787.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Explicar o concepto de Antigo Réxime e as súas estruturas económicas.
- Explicar os trazos que definen unha sociedade estamental.
- Diferenciar absolutismo monárquico, parlamentarismo e despotismo ilustrado.
- Analizar as características do pensamento político ilustrado.
- Explicar o proceso de cambio ideolóxico e político dende o Antigo Réxime ao Estado liberal.
- Definir: absolutismo, república, sufraxio, constitución, dereitos humanos.
- Elaborar un esquema-resumo sobre o proceso de independencia de Estados Unidos.

UNIDADE 2 A NOVA ERA INDUSTRIAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica os cambios dende as economías preindustriais ata a revolución industrial británica. Enumera as transformacións agrarias en Gran Bretaña.

Sitúa no tempo e no espazo os avances nas tecnoloxías para a produción industrial.

Valora con rigor crítico o significado da Revolución Industrial.

Define o papel do comercio e dos transportes na transformación industrial.

Considera a importancia do ferrocarril a Revolución Industrial.

Define os conceptos protoindustrialización, liberalismo económico e proteccionismo.

Elabora e interpreta gráficos e datos estatísticos relacionados coa demografía e a produción industrial.

Analiza diversas fontes de información sobre algúns aspectos do proceso industrializador e a sociedade industrial.

CONTIDOS MÍNIMOS

Identificar as transformacións producidas na agricultura e na industria durante a Revolución Industrial.

Identificar as transformacións no comercio e os transportes durante a Revolución Industrial.

Identificar os conceptos económicos da nova sociedade industrial.

Analizar gráficos e datos estatísticos sobre a Revolución Industrial.

Explicar as consecuencias sociais da industrialización e os cambios que sinalan o paso da sociedade estamental á sociedade de clases.

Comprender o significado da sociedade urbana.

UNIDADE 3 OS MOVEMENTOS LIBERAIS E NACIONAIS (1789-1871)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Sitúa cronoloxicamente os personaxes e os acontecementos da Revolución Francesa.

Valora a política de Napoleón na Europa da súa época.

Explica as repercusións da Revolución Francesa.

Identifica os trazos que definen a época da Restauración.

Explica os principais trazos das revolucións de 1820 e 1830.

Sinala os factores que explican o proceso emancipador de América Latina.

Define os trazos políticos dos movementos independentistas na América hispana.

Describe os feitos revolucionarios que aconteceron en Europa en 1848.

Explica os principais acontecementos da unificación alemá.

Explica a unificación italiana.

Sinala os antecedentes dos problemas na Europa balcánica.

CONTIDOS MÍNIMOS

Describir o desenvolvemento da Revolución Francesa.

Elaborar un eixe cronolóxico cos principais acontecementos acontecidos entre 1787 e 1815

Explicar o significado da Restauración e as reaccións revolucionarias.

Describir a situación de Europa en 1815.

Comprender o significado da independencia da América hispana.

Ordenar cronoloxicamente as revolucións burguesas.

Diferenciar os conceptos políticos: carta outorgada-constitución; sufraxio universal-sufraxio censitario; democracia-ditadura.

Coñecer o proceso revolucionario de 1848.

Situar no espazo e no tempo os procesos nacionais de Europa.

UNIDADE 4 AS ORIXES DO MOVEMENTO OBREIRO (1800-1914)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explica os trazos que caracterizan o modo de vida da burguesía.
- Indica as características do modo de vida da clase obreira.
- Explica a orixe do movemento obreiro.
- Enumera as diversas formas de organizacións obreiras no inicio do movemento.
- Explica em que consisten as ideoloxías antiburguesas: socialismo, marxismo e anarquismo.
- Valora a crítica de Marx ao sistema capitalista.
- Compara textos sobre as organizacións obreiras internacionais.
- Comprende as formas de presión social do movemento obreiro.
- Explica as accións do movemento obreiro na súa reacción ante o capitalismo.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Explicar os cambios sociais acontecidos no século XIX.
- Comprender o significado do movemento obreiro.
- Explicar as ideoloxías antiburguesas.
- Analizar as accións do movemento obreiro.
- Definir conceptos referidos á sociedade (sociedade de clases, gran burguesía, clase media urbana, clase obreira, servizo público, planificación urbanística) e ao movemento obreiro (ludismo, cartismo, socialismo, marxismo, anarquismo, sindicalismo).
- Identificar distintos aspectos da sociedade de clases, descrición de situacións e representación das súas formas de vida.
- Comparar documentos escritos, gráficos e iconográficos sobre a sociedade de clases e as ideoloxías antiburguesas.

UNIDADE 5 A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO (1870-1914)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explica as características da industrialización nos principais países.
- Enumera as características que definen o concepto Segunda Revolución Industrial.
- Diferencia conceptos e feitos relacionados coa colonización: colonia, metrópole e imperialismo.
- Explica a repartición de África, identificando espacialmente os distintos territorios.
- Analiza as traxectorias coloniais das principais potencias europeas e as relacións entre estas.
- Compara informacións diversas sobre o colonialismo.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Explicar o desenvolvemento do capitalismo no século XIX
- Identificar os trazos que definen a Segunda Revolución Industrial.
- Explicar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias do colonialismo.
- Comprender o aumento das tensións internacionais producidas polo imperialismo.
- Valorar distintas opinións sobre a colonización.
- Localizar e situar o colonialismo sobre mapas.
- Explicar conceptos: imperialismo, colonialismo, Conferencia de Berlín, crise agraria, crise industrial.

UNIDADE 6 AS GRANDES POTENCIAS (1870-1914)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprende como a Inglaterra vitoriana, Francia e Alemaña se converten en grandes potencias que modificarán o equilibrio de poderes en Europa.
- Analiza a evolución política dos tres vellos imperios europeos: austrohúngaro, ruso e turco.

Resumir as relacións entre todas as potencias europeas para estender a súa influencia entre 1870 e 1914 analizándoas como un factor determinante da Primeira Guerra Mundial.
Explicar que países dominaban a escea internacional ente 1870 e 1914.

CONTIDOS MÍNIMOS

Os estados liberal-democráticos europeos.
A Inglaterra vitoriana.
Francia o modelo de república democrática.
A Rusia tsarista
As potencias extraeuropeas os Estados Unidos e Xapón.
O enfrontamento norte e sur dos Estados Unidos nunha guerra civil.

2ª AVALIACIÓN

UNIDADE 7 A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (1914-1918)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Enumera as principais causas que provocaron a Primeira Guerra Mundial.
Sitúa no tempo e no espazo os procesos previos e o desenvolvemento da Gran Guerra.
Identificar bloques antagónicos, escenarios e características diferenciadoras da Primeira Guerra Mundial.
Describe a situación de Europa tras as paces que puxeron punto final ao conflito.
Valora as repercusións que tivo a Gran Guerra nas poboacións dos países contendentes.
Relaciona a consolidación da paz coa Sociedade de Nacións.
Analiza fotografías ou gravados da contenda.
Comenta mapas, gráficos, estatísticas e táboas demográficas.
Axuiza criticamente o fenómeno dunha guerra como a de 1914-1918.

CONTIDOS MÍNIMOS

Explicar as causas que xeraron a Gran guerra e o seu desenvolvemento.
Ser capaz de relacionar as causas de Primeira Guerra Mundial coa política desenvolvida nos anos anteriores polas principais potencias europeas.
Comprender as repercusións da Gran Guerra na sociedade civil e nas relacións internacionais.
Analizar diversas fontes de información: imaxes, gráficos e estatísticas da guerra.
Elaborar unha cronoloxía da guerra.
Situar os acontecementos da guerra nun mapa de Europa.
Analizar algúns dos cambios culturais e sociais provocados polos acontecementos políticos deste período.

UNIDADE 8 A REVOLUCIÓN RUSA E A ORIXE DO ESTADO SOVIÉTICO (1917-1927)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica as características da Rusia tsarista.
Explica as causas do estalido da Revolución de 1905.
Comenta as causas e describe o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917.
Explica as consecuencias do proceso revolucionario.
Sitúa cronoloxicamente os feitos máis importantes da Revolución Rusa.
Identifica os principais personaxes da Revolución Rusa.

Explica a URSS como un novo modelo social e político.
Compara o comunismo de guerra, a NEP e a política económica stalinista.
Identifica a creación da III Internacional como o intento de exportación da revolución.
Valora os problemas sociais da URSS na época estalinista.

CONTIDOS MÍNIMOS

Entender a revolución soviética como unha transformación estrutural, política, económica e social.

Coñecer o proceso revolucionario de 1917, diferenciando os seus antecedentes e as características das dúas fases (revolución de febreiro e revolución de outubro).

Coñecer o proceso de construción da URSS, anotando os cambios políticos e territoriais desenvolvidos dende o goberno de Lenin ata a época de Stalin.

Valorar a revolución soviética e a creación da URSS como fenómenos claves do século XX ao se converteren nun modelo de sociedade alternativo ao capitalismo, e nunha potencia mundial.

UNIDADE 9 PROSPERIDADE, CRISE E DEPRESIÓN (1918-1939)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica os factores que caracterizan a etapa de prosperidade económica dos anos vinte.

Identifica os factores que desencadearon a crise económica.

Sitúa cronoloxicamente a Gran Depresión.

Explica o proceso da Gran Depresión: desenvolvemento e consecuencias.

Define conceptos relacionados con ciclos económicos, crise financeira, crise de superproducción, etc.

Elabora e interpreta gráficos sobre a economía dos anos trinta.

Valora as consecuencias sociais da crise.

CONTIDOS MÍNIMOS

Distinguir os factores que provocan a expansión e a crise económica na primeira metade do século XX.

Explicar o proceso da crise económica iniciada en 1929.

Coñecer conceptos económicos básicos.

Interpretar gráficos e datos estatísticos.

Identificar as principais consecuencias (económicas, sociais e políticas) da crise de 1929.

Describir as políticas económicas fronte á Gran Depresión.

UNIDADE 10 OS RÉXIMES TOTALITARIOS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS (1918-1939)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Relaciona a consolidación da paz co fortalecemento das democracias.

Analiza os tratados que favoreceron a distensión internacional tras a Gran Guerra.

Explica as causas da aparición dos réximes ditatoriais na Europa dos anos vinte.

Identifica as características que definen os réximes democráticos na primeira metade do século XX.

Describe a situación das principais democracias europeas tras a Gran Guerra.

Identifica a ideoloxía que defende o fascismo italiano.

Relaciona a aparición do nazismo coas consecuencias da Primeira Guerra Mundial.

Diferencia o fascismo italiano do nazismo alemán.

Identifica a ideoloxía do nazismo alemán.

Enumera as diferenzas entre réximes democráticos e ditatoriais.

Avalía as consecuencias sociais e políticas dos réximes democráticos e dos ditatoriais.
Interpreta diversas fontes históricas e historiográficas: textos, datos estatísticos, imaxes, mapa de Europa no que se distinguan os diferentes réximes políticos dos países.

CONTIDOS MÍNIMOS

Identificar os elementos que diferencian un réxime democrático do fascismo.
Comprender as causas sociais, económicas e políticas que explican o auxe do fascismo en Europa nos anos 30.
Recoñecer os aspectos máis destacados da ideoloxía fascista e nazi
Describir o desenvolvemento dos réximes fascistas.
Coñecer e comprender as consecuencias da imposición de ideoloxías totalitarias.

UNIDADE 11 A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Enumera as principais causas da Segunda Guerra Mundial.
Sitúa no tempo e no espazo os procesos previos e o desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial.
Valora as repercusións que tivo a guerra nas poboacións dos países contendententes.
Analiza fotografías, gravados ou carteis de propaganda sobre a contenda.
Comenta gráficos, mapas, textos e datos estatísticos da guerra.
Describe a situación de Europa e o mundo tras as paces que puxeron fin ao conflito.

CONTIDOS MÍNIMOS

Explicar as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento.
Analizar diversas fontes de información -textos, imaxes, esquemas, mapas e datos estatísticos- da guerra.
Comprender as consecuencias da guerra no aspecto demográfico, económico e político.
Valorar o proceso de paz, do que emerxe unha nova organización internacional (a ONU) que establecerá as bases para unhas novas relacións internacionais e o predominio posterior de dúas superpotencias: Estados Unidos e a URSS.
Explicar por que se implicaron os Estados Unidos na reconstrución de Europa e Xapón despois da Segunda Guerra Mundial.

3ª AVALIACIÓN

UNIDADE 12 UN MUNDO BIPOLAR (1945-1991)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprende o significado da guerra fría e da coexistencia pacífica.
Definir os conceptos fundamentais da política de bloques e a guerra fría.
Analiza os principais conflitos, relacionándoos coas tensións entre Estados Unidos e a Unión Soviética.
Explica o cambio de orientación na política de tensión dos bloques a partir dos anos cincuenta cando se inicia a coexistencia pacífica.
Sinala características da evolución interna dos países occidentais durante a guerra fría.
Identifica os problemas internos dos países da órbita soviética.
Identifica os factores políticos que provocaron os primeiros desacordos entre os bloques.
Explica as características da economía de cada un dos bloques enfrontados.

CONTIDOS MÍNIMOS

Explicar as causas do arrefriamento entre os bloques.

Definir os conceptos fundamentais da política de bloques e a guerra fría.

Relacionar os conflitos do período da guerra fría coa evolución interna dos países.

Explicar os modelos políticos e económicos dos dous bloques enfrontados.

Analizar as tensións internas dentro dos bloques e o custo da carreira de armamentos para entender que a coexistencia pacífica non estivo exenta de graves crises políticas e negociacións de acordos.

Identificar o novo talante nas relacións internacionais a partir da cooperación económica, científica e cultural e o compromiso de respecto dos dereitos humanos asinado en 1975 en Helsinki.

UNIDADE 13 A FIN DOS IMPERIOS COLONIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica os factores determinantes que provocaron a descolonización.

Explica conceptos relacionados coa descolonización: subdesenvolvemento, débeda externa, neocolonización, panafricanismo, *apartheid*, panarabismo.

Recoñece os problemas do Terceiro Mundo.

Sitúa no espazo e no tempo o proceso de descolonización.

Explica a política de China no século XX.

Explica o proceso de descolonización de India.

Analiza os problemas actuais de Asia Oriental, buscando os seus antecedentes históricos.

Ordena cronoloxicamente algúns procesos de descolonización en África.

Explica os conflitos internos por causa do *apartheid* nos países da África austral.

Explica os problemas políticos da nova África independente.

Compara os diferentes procesos descolonizadores dos países islámicos.

Identifica as causas do conflito árabe-israelí.

Analiza o conflito árabe-israelí.

CONTIDOS MÍNIMOS

Coñecer as causas que provocaron o movemento descolonizador.

Identificar os principais acontecementos no proceso descolonizador en África.

Identificar os principais acontecementos no proceso descolonizador en Asia.

Valorar as orixes do conflito palestino-israelí: o nacemento do Estado de Israel.

Coñecer e valorar a situación do pobo palestino.

Coñecer as características básicas do integrismo islámico.

Entender as relacións norte-sur nun contexto de desigualdade económica que orixina conflitos non resoltos na actualidade

UNIDADE 14 O BLOQUE COMUNISTA (1947-1991)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Describe a instauración de réximes comunistas en Europa central e oriental e sinala as súas principais características.

Explicar as características e peculiaridades do réxime comunista chinés.

Coñecer a evolución política e especialmente económica da URSS e do bloque comunista.

Explica como se produciu a desestalinización e precisa cando se orixinou o estancamento do modelo económico soviético.

Identifica as causas que provocaron o afundimento da Unión Soviética.

Describe o proceso de desintegración do bloque soviético.

Comenta un mapa no que se reflicta a situación xeográfica dos países comunistas no mundo.

Comenta as consecuencias políticas e territoriais da desaparición da URSS e a súa repercusión para os países do bloque comunista.
Sintetiza os cambios democráticos da actualidade na maioría destes países e a súa evolución cara ao futuro.

CONTIDOS MÍNIMOS

Describir a instauración de réximes comunistas en Europa central e oriental e sinalar as súas principais características.
Explicar dun xeito sinxelo as características e peculiaridades do réxime comunista chinés.
Explicar a desaparición da Unión Soviética e o proceso de desintegración do bloque soviético.
Comprender as transformacións políticas dos países de Europa Central.
Identifica os problemas da transición nos antigos países comunistas.
Identificar as características do cambio de modelo

UNIDADE 15 O BLOQUE CAPITALISTA (1945-1991)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comenta un mapa no que se reflicta o espazo xeográfico de Estados Unidos e os seus aliados no mundo.
Explica as características fundamentais da economía capitalista despois da Segunda Guerra Mundial.
Identifica os elementos máis característicos das distintas rexións capitalistas.
Sinala as características do cambio de modelo económico a finais de século, identificando as políticas neoliberais nos países capitalistas.
Coñece a evolución política e económica de Latinoamérica no século XX.

CONTIDOS MÍNIMOS

Explica a prevalencia na actualidade do capitalismo como sistema económico mundial.
Explicar que quere dicir Terceira Revolución Industrial.
Explicar que quere dicir “neoliberalismo económico”.
Coñecer o proceso de construción da unidade europea.
Elabora cadros que recollan o proceso de formación da unidade europea ata a formación da Europa dos Vinte e oito

UNIDADE 16 O MUNDO ACTUAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Explica o que significa a globalización e a permanencia das desigualdades económicas, cada vez maiores.
Observa e analiza un mapa do mundo no que se indique a distribución dos produtos alimentarios e as armas
Explica os movementos demográficos actuais e valora criticamente as consecuencias do crecemento demográfico.
Coñece as principais consecuencias dos avances científicos.
Comprende e valora a importancia do cumprimento dos Dereitos Humanos.
Explica a aparición do fundamentalismo islámico nun novo escenario internacional, e analiza as bases ideolóxicas do seu rexeitamento polos países occidentais.
Valora os procesos de cambio que se están a producir na actualidade nos países de Europa do Leste e hispanoamérica.

CONTIDOS MÍNIMOS

Explicar cal é o escenario tras a fin da guerra fría.

Cara unha nova orde mundial multipolar.

Os retos da Unión Europea.

Comentar algúns documentos que informen sobre a globalización e a deslocalización empresarial.

Explicar que é a globalización da economía mundial.

Explicar quen son os movementos antiglobalización.

Reflexionar sobre os principais problemas que producen os avances biotecnolóxicos.

Explicar que problemas provoca o crecemento da poboación.

Comentar documentos sobre os investimentos internacionais e os fluxos comerciais mundiais. en 2001.

Comentar o relevante papel das ONG no mundo actual, a partir de actuacións ou casos prácticos en relación á Democracia e os Dereitos Humanos.